

A expresión sexual é unha experiencia máis da vida, pero non a única, nin se dá á marxe dela. Hai rapazas que tentan liarse imitando aos rapaces. Propóñense ir de unarchasas ou ligaro, estar á súa altura, para demostraren que son rapazas liberadas. Mellor que sexas ti mesma, que teñas lios pero co teu estilo propio e como realmente che guste a ti. Demostrarás entón que máis ben es unha rapaza libre.

María José Urruzola
Guía para rapazas. Como vivir as relacións afectivas e sexuais

A partir deste texto tenta aclarar os seguintes conceptos: autoestima, aceptación persoal, complexos, amizade, compañeirismo, comunicación, intimidade, atracción persoal, emoción, sentimento, namoramento, autoerotismo, sensibilidade, relación descompensada.

Exprésala con cores e debuxos, como ves a experiencia de namorar
Que calidades che gustaría atopar nunha relación de namoramento?

Fai dúas listas, unha enumerando o que teñen en común as relacións de compañeirismo, amizade e namoramento, e outra enumerando o que teñen de diferente. Comenta as respostas en pequenos grupos.

Das túas emocións e sentimentos, cales che gustan e cales che desgustan?
Que corruxirías nas túas relacións de amizade?
Coidas importante que se eduquen os sentimentos? Por que?

Busca en Internet quen foi María José Urruzola e as actividades ás que se dedica.

Pescuda quen son as Mães da Praça de Maio. Que sentimentos pensas que moveron a estas mulleres a se organizaren?

A B R I L



A B R I L

L M Me X V S D

1

1776
Nace Sophie Germain, célebre pola súa Teoría das superficies elásticas

2

1982
Comeza a funcionar en Franza a Axencia de Mulleres da Información

3

1934
Nace Jane Goodall. Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica

4

1785
Nace Bettina Brentano, escritora alemá

5

Dous millóns de nenas e mozas, son vítimas cada ano de mutilación xenital

6

1348
Morre Laura, a amada de Petrarca

7

1889
Nace Gabriela Mistral, poeta chilena gañadora do Nobel de Literatura (1945)

8

1898
Nace Teresa Neumann, mística alemá

9

1972
Nace Margalida Fullana Riera, en Mallorca. Campioa do mundo de mountain bike

10

1934
Morre Cecilia Grierson, a primeira médica argentina, hixienista e educadora

11

1991
Morre Syria Poletti, novelista, contadora e autora de libros infantís

12

1933
Morre Montserrat Caballé, soprano catalá

13

1867
Nace en Palma de Mallorca, Pilar Montaner i Maturana. Pintora

14

1935
Morre Emma Noether, matemática. Teorema Noether

15

1764
Morre en Versalles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte

16

1989
Lidia Senra é elexida Secretaría Xeral do Sindicato Labrego Galego

17

2004
Mª Teresa Fernández de la Vega, 1ª muller Vicepresidenta do Goberno do E. Español

18

1480
Nace en Roma a mecenas Lucrecia Borgia

19

1923
Nace Antía Cal. Funda o centro Rosalía de Castro, vangarda da renovación pedagóxica

20

1982
Masacre de mulleres labregas en "El Petén", Guatemala

21

1310
Foi queimada viva Margarita Poret. Mística e escritora francesa

22

1904
Nace María Zambrano, filósofa e poeta. Premio Príncipe de Asturias

23

"Ecolle ben: un libro sexista, non ten calidade" Instituto da Muller

24

1953
Descóbrese a estrutura do ADN. Ignóranse as aportacións de Rosalind Franklin

25

1974
As mulleres portuguesas que coa súa rebelión acabaron coa ditadura salazarista

26

Mª X. Agra, Nieves Herrero, Ana de Miguel, Rosa Cobo, A. Puleo, ... Filósofas feministas

27

1947
Nace María del Mar Bonet. Cantante. Representante da Nova Canção

28

2006
Pasamento de María José Urruzola. Fundadora do Partido feminista e da Revista Lanbro. Autora da Guía para Chicas

29

1936
Nace Alejandra Pizarnik, figura representativa da poesía de fala hispana

30

1977
Nace Madres de la Plaza de Mayo en plena ditadura Argentina

